

BANDO

CAMPAMENTOS DE VERÁN, DEPOAVENTURA A LANZADA 2019

Infórmase á veciñanza que a **Deputación Provincial de Pontevedra**, abriu o prazo de presentación de solicitudes de praza no **Programa DEPOAVENTURA A LANZADA** dirixido a nenas e nenos con nacemento nos anos 2006 a 2011, destinando 20 prazas ao Concello de Pontecesures. **As solicitudes presentaranse ata o 28 de marzo na Deputación Provincial.**

11 QUENDAS de 7 días de duración

Os campamentos terán lugar entre o 24 de xuño e o 7 de setembro de 2019. Realizaranse 11 quendas, de 7 días de duración cada unha, nas seguintes datas: 1ª do 23 ao 29 de xuño, 2ª do 30 de xuño ao 6 de xullo; 3ª do 7 ao 13 de xullo; 4ª do 14 ao 20 de xullo; 5ª do 21 ao 27 de xullo; 6ª do 28 de xullo ao 3 de agosto; 7ª do 4 ao 10 de agosto; 8ª do 11 ao 17 de agosto; 9ª do 18 ao 24 de agosto; 10ª do 25 ao 31 de agosto e 11ª do 1 ao 7 de setembro

Custo

- Custo xeral da praza é de **100 euros** por menor. As familias numerosas con acreditación terán un desconto do 20% (achega de 80€/praza).
- Existen 4 prazas gratuítas para familias en situación de vulnerabilidade social (procedemento específico).

Presentación de solicitudes:

As solicitudes de participación nesta convocatoria deberán presentarse preferentemente de forma electrónica:

A.—Presentación de solicitudes **mediante formulario web** a través da páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.es), cubrir os datos solicitados na páxina web, correspondentes ao modelo oficial de solicitude e premer o botón enviar e descargar e imprimir o xustificante electrónico xerado pola páxina web tras realizar o envío. Este xustificante incluírá un código único de preinscrición e debe presentarse no Rexistro da Deputación acompañado da documentación inicial. Deberá indicarse a pertenza a Familia Numerosa e, no seu caso a solicitude de praza por procedemento específico.

B.— É posible a presentación de solicitudes **mediante formulario impreso o cal estará dispoñible nas Oficinas de Atención á cidadanía da Deputación.**

Documentación:

Inicial	. Xeral	<input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE /IMPRESO DE SOLICITUDE <input type="checkbox"/> Volante de empadramento da nena ou neno <input type="checkbox"/> DNI da nai/pai ou persoa titora <input type="checkbox"/> DNI da nena ou neno <input type="checkbox"/> Cuestionario de saúde e autonomía persoal <input type="checkbox"/> No caso de menores estranxeiras, copia do permiso legal de residencia <input type="checkbox"/> Se é o caso, certificado do grao de discapacidade e copia do ditame
	Se solicita Gratuidade ou Bolsa:	<input type="checkbox"/> Informe Social do Servizo Social Comunitario <input type="checkbox"/> Título de Familia Numerosa en vigor
Na incorporación á quenda		<input type="checkbox"/> Fotografía tamaño carné <input type="checkbox"/> Tarxeta sanitaria

Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello os **luns, de 10 a 14 horas, e os martes e venres de 9 a 14 horas.**

Pontecesures, 18 de marzo de 2018

O ALCALDE,

Juán Manuel Vidal Seage